



PLAN DE ADAPTACION Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021

Todas as medidas recollidas neste protocolo poden ser **obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que as autoridades sanitarias autonómicas e estatais adopten.** Polo que estas medidas **iranse actualizando** cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren, e sempre seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1. Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

Denominación		Código	
CPR SAN JORGE		15015469	
Enderezo	Localidade	Concello (Provincia)	
Avda de Coimbra, 24	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela A Coruña	
Teléfono	Correo electrónico		
981 58 13 98	colexiosanjorge@colexiosanjorge.com		
Páxina web			
https://www.colexiosanjorge.com			



ÍNDICE:

- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA
- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
- MEDIDAS DE LIMPEZA
- MATERIAL DE PROTECCIÓN
- XESTIÓN DOS GROMOS
- XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE
- MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO
- MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS
- MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO
- MEDIDAS DE USO DE COMEDOR
- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS
- MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS
- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA
- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE
- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO
- MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

**2. Membros do equipo COVID.**

Director	Francisco Collantes Carollo
Xefa de estudos	Gloria Posse Costas
Orientadora	Concepción Fernández Martínez

TELÉFONOS NA WEB: 981581398

3. Centro de Saúde de referencia.

CENTRO: VITE

Teléfono: 981563743

Persoa de contacto: DOCTOR BAQUERIZA

Recordaremos a importancia de realizar a autoenquisa por parte dos pais antes de vir ao Centro.

4. Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.

Espazo illamento: Aula anexa á aula de 3 anos. Espazo de uso individual para illar a aquelas persoas e alumnos nas que se detecten síntomas, mentres non se xestiona o seu traslado. Conta coa ventilación axeitada, máscaras, solución hidroalcohólica, material viricida, papeleira de pedal, panos desbotables e luvas.

5. Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

CURSO	Nº ALUMN.
4º E.I.	13
5º E.I.	21
6º E.I.	24
Total E.I.	58
1º E.P.	25
2º E.P.	24
3º E.P.	26
4º E.P.	25
5º E.P.	24
6º E.P.	30
Total E.P.	154
Totais	212

6. Cadro de persoal do centro educativo.(só numero de efectivos)

CATEGORÍAS	PROFESOR
MESTRES	16
PERSOAL COMPL.	2
PERSOAL SERVIZOS	2



7. Determinación dos grupos estables de convivencia (infantil e primaria) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan materias ao grupo.

Nº AULAS	CURSO/ AULA	Nº ALUMNOS	TITOR	Nº PROFESOR ESPECIALISTA	ESPECIALIDA DE
1	4º INF	13	1	1	Inglés
2	5º INF	20	1	1	Inglés
3	6º INF	23	1	1	Inglés
4	1º EP	25	1	4	Inglés, EF, Música, Apoio
5	2º EP	24	1	4	Inglés, EF, Música, Apoio
6	3º EP	25	1	3	Inglés, EF, Música
7	4º EP	25	1	4	Relevista, Inglés, EF, Música
8	5º EP	24	1	3	Inglés, EF, Música
9	6º EP	30	1	3	Inglés, EF, Música
10	AULA EE		1	1	Pers.Complem.
11	AULA EE		1	1	Pers.Complem.
12	AL		1		

En infantil farán o primeiro día de curso grupos **colaborativos** e quedarán rexistrados polo equipo Covid da seguinte forma:

4º E.I.: 5 grupos de 3-2 alumnos

5º E.I.: 6 grupos de 4 alumnos

6º E.I.: 6 grupos de 4 alumnos

8. Medidas específicas para os grupos estables de convivencia, con inclusión de medidas adaptadas á realidade do centro e do grupo.

Tanto en Educación Infantil, como en Educación Primaria constituiranse grupos estables de convivencia, segundo a ratio profesor/aula.

Tratarase de reducir o número de profesorado por aula, mantendo o titor co número máximo posible de alumnos.

Non poderá haber interaccións cos outros grupos.

Cada grupo estable de convivencia terá as súas zonas e quendas definidas por horarios, podendo conseguir, nos grupos dos pequenos, o movemento libre dentro da aula.

Os movementos dentro do Centro reduciranse ao mínimo e sempre coa máscara e respectando a distancia mínima de seguridade entre o alumnado.



9. Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.

Vía telemática ou telefónica.

10. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Rexistro de ausencias do persoal:

Folla de validación da xornada lectiva. Ante a existencia da sintomatoloxía do Covid, comunicación da forma habitual.

Rexistro ausencias do alumnado:

Haberá un cadro de rexistro das ausencias para os efectos do protocolo, para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas. As ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

Tanto as familias como o persoal comunicarán a ausencia, vía telefónica ou vía email.

Todas as aulas comunicarán á Dirección do centro as faltas diarias do alumnado vía email.

11. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas. EduCovid

A Consellería habilitará unha aplicación informática **EduCovid** específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A aplicación será accesible para o persoal sanitario. Utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte dos casos no Centro.

A regulación da información que debe facilitarse a través desta aplicación régulase no apartado 2^a.4 e seguintes do documento. Tamén no apartado 7.3 determínase o procedemento a seguir no caso da aparición dun posible afectado.




MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12. Bosquexo da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou bosquexo xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.

Exemplo dunha aula na que se garante a distancia mínima recomendada.

Pupitres en liñas, orientados nun mesmo sentido, mirando cara á dirección do posto do profesor.

Distancia mínima de 1 metro con uso de máscara.



13. Identificación doutros espazos ou salas para asignar grupos, cando o tamaño da aula non o permita.

Non é necesario, posto que o tamaño das aulas/ alumnos permite as medidas de distancia de seguridade social.

Podemos identificar a aula de informática, a biblioteca, sala de usos múltiples, comedor.

14. Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo de cuestionario de avaliación de medidas como anexo ao Plan.

Cada aula de PT e AL cumpre coas medidas para garantir o distanciamento do alumnado.

Extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas.

O material deberá ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez rematada a clase, tanto cun alumno ou cun grupo.

É obrigatoria a máscara e a pantalla para este profesorado.

É obrigatoria a ventilación no cambio de nenos ou grupo.



15. Determinación dos xeitos de utilizar titorías coas familias.

Nas reunións de titoría, e en calquera comunicación por outros motivos coas familias, priorizarase a comunicación por email, teléfono ou videochamada con cita previa.

Programarase, de ser imprescindible, a titoría persoal 1 día á semana por aula, fóra do horario lectivo, preferentemente ás 18:00 horas (para dar tempo a executar a limpeza e desinfección), previa cita, e con todas as medidas de seguridade nas aulas.

16. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (proveedores, visitantes,...)

As familias serán informadas a través das contas de email, da páxina web do centro ou vía WhatsApp.

Todas as circulares informativas serán enviadas vía email e poderán ser consultadas na web do colexio, na área privada.

As persoas alleas poden chamar ao Centro. Os provedores e visitantes, terán un rexistro co nome, teléfono e horario. Dentro do posible, os provedores virán fóra do horario lectivo, e respectarán os horarios do recreo para evitar os cruces no pasillo.

ANEXO DE CONTROL PROVEEDORES E VISITANTES

17. Uso de máscara no centro.

É obrigatorio para os mestres usar máscara de protección. O Centro recomenda ademais o uso das viseiras protectoras.

O Centro contará con máscaras para poder repoñelas por calquera necesidade ou cando alguén manifeste síntomas.

Obrigatorio máscara de protección para os alumnos a partir de 1º de Primaria.

Obrigatoria a máscara para a circulación polas zonas comúns.

Será obriga do alumnado levar unha 2ª máscara e un estoxo específico para ela. Recoméndanse máscara aos alumnos de infantil, aínda que quedará á decisión dos pais. Nas aulas de infantil haberá un purificador de aire con filtro HEPA.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

Profesorado e persoal do centro por correo electrónico, Slack ou WhatsApp.

Pais e nais na páxina web na área privada, así como email se o solicitan.

Distribuiremos unha copia á ANPA e aos membros do Consello Escolar.



MEDIDAS DE LIMPEZA

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

Principales superficies para considerar:

- Pomos e tiradores de portas, armarios, arquivos, fiestras, etc.
- Interruptores da luz.
- Pías de cociña, sanitarios, billas e lavabos.
- Mesas, cadeiras, mostradores, estantes, taboleiros...
- Teléfonos.
- Periféricos informáticos (ordenadores, pantallas, impresoras, etc.).
- Equipamiento de cociña (microondas, neveiras, etc.).

Nas zonas comúns tanto nas aulas coma noutras zonas:

- Pomos e tiradores de portas, fiestras, etc.
- Varandas e pasamáns de escaleiras.
- Interruptores da luz.
- Sanitarios, billas e lavabos.
- Taboleiros, mesas, mostradores, cadeiras, paredes, chans, e áreas de descanso.

Terán un cadro para anotar as horas de limpeza de lugares, zonas comúns e superficies. Extremarase a limpeza e desinfección das superficies de maior contacto.

Ventilaranse as estancias antes da limpeza.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual das tarefas.

Aseos: limpeza 3 veces ao día.

Comedor: limpeza 3 veces ao día (antes de cada quenda)

Aulas: limpeza 1 vez ao día

Zonas de uso común: limpeza 1 vez ao día.

Postos de traballo: limpeza 1 vez ao día.

Postos compartidos: limpeza co cambio do persoal.

Farase un cadro para comprobar a limpeza e a persoa responsable da mesma.

21. Material e protección para a realización das tarefas de limpeza.

Antes de empezar a traballar e ao finalizar a xornada, o persoal debe realizar unha correcta hixiene das mans.

O persoal de limpeza contará cos seguintes equipos de protección e/ou materiais:

- Uniforme de traballo, Calzado de seguridade.
- Máscaras cirúrxicas e/ ou FFP2 / KN95



- Luvas de vinilo / nitrilo.
- Xel hidroalcohólico, Xabón de mans.
- Bobina de papel / toallíñas de papel.
- Pantallas de protección e lentes de seguridade.

EPI'S RECOMENDADOS	EQUIPOS DE TRABAJO	ÚTILES
<ul style="list-style-type: none"> • Luvas • Máscaras 	<ul style="list-style-type: none"> • Cubo - Dobre cubo para chans • Mollador de cristais para paredes e teitos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fregonas • Celulosa ou pano desinfectados • Pulverizadores

Alcance	Produto autorizado	Temp.	Tempo	PROCEDIMIENTO (sen aclarado)
SUELOS <ul style="list-style-type: none"> • Oficinas • Aseos / vestiarios • Comedor 	Solución en base hipoclorito ao 1,5% 150 ml x 10 lts. de auga	Ambiente	5 min.	Con cubo e fregona, mollar, frotar. Secar coa fregona escorrida
PAREDES <ul style="list-style-type: none"> • Oficinas e aulas • Aseos / vestiarios • Comedor 		Ambiente	5 min.	Con equipo mollador de cristais, mollar e frotar. Escorrer mollador e secar
Espellos e Cristais		Ambiente	5 min.	Con equipo mollador de cristais, mollar e frotar escorrer con regleta
ASEOS. <ul style="list-style-type: none"> • Dispensadores Griferías, Elem. Sanitarios - lavabos 		Ambiente	5 min.	Pulverizar solución sobre o pano AMARELO Limpar por orde Dispensadores de papel e xabón, griferías, lavabos e duchas
<ul style="list-style-type: none"> • WC, Urinarios 		Ambiente	15 min.	Pulverizar o interior da taza e frotar coa escobiña. Pulverizar sobre o pano VERMELLO e frotar no seguinte Orde: cisterna, exterior tapa, interior tapa, exterior taza. Tirar da cadea.
MOBILIARIO Pantallas, teléfonos, manillas, pomos, interruptores, varandas, botoneiras.	Solución en base etanol,	Ambiente	5 min.	Pulverizar sobre o pano BRANCO ou celulosa e frotar.
Revisión.-	Realizarase un control visual dos diferentes elementos, para garantir que quedan limpos e que o procedemento levouse a cabo axeitadamente.			



22. Cadro de control de limpeza de aseos-mensual.

Exemplo dunha semana.

TAREFAS BAÑO	1			2			3			4			5		
	7:30	11:00	15:00	7:30	11:00	15:00	7:30	11:00	15:00	7:30	11:00	15:00	7:30	11:00	15:00
LIMPEZA XERAL AZULEJOS															
LIMPEZA PORTAS- POMOS															
LIMPEZA WC															
LIMPEZA LAVABOS E BILLAS															
LIMPEZA CHAN															

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas.

Deben realizarse tarefas de ventilación frecuente nas aulas, e por espazo mínimo de 5 minutos, (10 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finaliza a mesma e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención necesarias.

Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as fiestras e portas abertas o maior tempo posible.

VENTILACION AULA		DIAS																																				
Nº	HORAS	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31						
1																																						
2																																						
3																																						
4																																						
5																																						
6																																						
7																																						
8																																						
9																																						
10																																						
11																																						
12																																						
13																																						
14																																						
15																																						
16																																						
17																																						
18																																						
19																																						
20																																						
21																																						
22																																						
23																																						
24																																						
25																																						



24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

En todas as aulas existen colectores protexidos con tapa e accionados por pedal. A recollida dos residuos será 2 veces ao día: ás 15:00 horas e ás 17:30 horas. Na aula sinalada como espazo individual para illar ás persoas con síntomas, a bolsa do lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, pechada para o seu depósito co resto. Realizarase a debida limpeza do espazo tan pronto como a persoa abandone o lugar.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

Xel hidroalcohólico e dispensadores, Máscaras, elementos de sinalización, alfombras hixienizantes, luvas, pantallas e lentes de seguridade, panos desbotables, papeleiras de pedal, mamparas para o seu uso no comedor. Dito inventario gardarase na oficina do Centro.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección.

Procederase segundo o stock no Centro e farase revisión do stock alomenos cada 15 días para determinar o material necesario e os produtos certificados polo Ministerio de Sanidade. Cada compra rexistrarase con factura independente. O pedido de compra farase aos seguintes provedores: Sisquiga, limpeza Faro, e Proindex.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

Levaremos un rexistro centralizado como o seguinte

NOMBRE PRODUCTO	CATEGORIA	UNIDADES	AULA	FIRMA RESPONSABLE



XESTIÓN DOS GROMOS

28. Remisión ao Plan de continxencia.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguirase as instrucións da Autoridade Sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Ver Plan de continxencia, dentro deste plan no ANEXO (ANEXO VI AO FINAL)

29. Persoas que realizarán as comunicación das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.

Integrantes do Equipo Covid.



XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.

30. Canle de petición das solicitudes de supostos de vulnerabilidade.

Os anexos III e o IV non se contemplan para os centros concertados. A valoración da vulnerabilidade do persoal e a consecuente baixa quedará á decisión do médico de cabeceira de cada un.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

31. Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

Limitaranse as visitas dentro do Centro dos acompañantes ao mínimo posible.

Os pais teñen que tomarlle aos nenos a temperatura na casa e realizar a enquisa do Anexo I "Enquisa de Autoevaluación clínica do Covid-19".

NON poden vir con febre ao Centro. Os pais asinarán unha declaración responsable. Anexo.

Os alumnos serán deixados na porta por un adulto, obrigatoriamente, con máscara ambos, e o persoal complementario axudará e dirixirá aos nenos á aula. O alumno entrará no centro coa máscara, fará a limpeza con xel de mans, e tamén fará a desinfección dos pés nas alfombras. O persoal, na porta, valorará se ten que tomarlle a temperatura.

Haberá profesorado distribuído nos cruces e polas escaleiras para axudar a manter as distancias e favorecer a circulación.

O titor estará na aula para recibir aos nenos, e hixienizarlle as mans se así o valora.

Manterase un fluxo controlado respectando as distancias de seguridade na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento.

Rogamos unha estricte puntualidade respectando as quendas nas entradas e saídas para evitar situacións de risco por contaxio.

As entradas e saídas serán diferenciadas e escalonadas segundo o grupo estable de convivencia, por aulas, e con flexibilización do horario.



SETEMBRO E XUÑO					
	INFANTIL	1º EP	2º EP	3º e 4º EP	5º e 6º EP
ENTRADA	9:15	9:08-9:15	9:00-9:08	9:08-9:15	9:00-9:08
SAÍDA	14:00	14:10	14:10	14:15	14:15

OUTUBRO – MAIO					
	INFANTIL	1º EP	2º EP	3º e 4º EP	5º e 6º EP
MAÑÁ	9:15	9:08-9:15	9:00-9:08	9:08-9:15	9:00-9:08
	13:00	13:10	13:10	13:15	13:20
TARDE	15:30	15:25	15:25	15:25	15:28
	17:15	17:20	17:25	17:25	17:28

Utilizaremos as dúas portas para entradas e saídas:

Avda. de Coímbra 24:

Infantil, 1º e 2º de Primaria.

Saídas do alumnado que non ten actividades ás 16:30 horas.

Avda. de Salamanca 4:

3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.

Ás 9:20 pecharase a porta da Avda. de Salamanca, e terán que acceder pola porta principal.

32. Determinación das portas de entrada e saída, da circulación no Centro educativo, núcleos de escaleiras, etc.

Utilizaremos as dúas portas do colexio:

1. Avda. de Coímbra 24:

Entrada e saída pola mañá e pola tarde para:

Infantil, 1º e 2º de Primaria.

2. Avda. de Salamanca 4:

Entrada e saída pola mañá e pola tarde para:

3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.

Pecharase a porta ás 9:20, terán que ir por Avda. de Coímbra.

As saídas ás 14:00 horas e ás 13:00 horas serán sempre pola Avda. de Salamanca (Poñeremos un cartel na Avda. de Coímbra).



Haberá un profesor encargado de cada porta. Tamén estarán nos cruces e nas escaleiras para axudar aos nenos.

Manterase un fluxo controlado respectando as distancias de seguridade na entrada e saída dos alumnos e evitando o cruzamento entre eles.

Definíronse sentidos de circulación con vinilo adhesivo no chan para manter as distancias e o sentido.

Respectaremos o sentido da marcha sempre cara á dereita.

O alumnado dirixirase á aula, onde o esperará o seu titor.

As saídas serán segundo os cadros. Os mestres titores levarán aos nenos ata a saída, onde varios profesores estarán vixiando a saída escalonada.

Cada grupo terá unha quenda de saída e manterá as distancias.

33. Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no Centro.

Colocación de linfografías nos aseos para a axeitada limpeza das mans.

Colocación de vinilos no chan con sinais de dirección no sentido da marcha pola dereita e de distanciamento.

Colocación nas aulas para recordar a limpeza das mans e as medidas de distanciamento.

Colocación estratéxica de xeles.

34. Determinación sobre a entrada e saída de alumnado transportado.

Á chegada ao Centro, a monitora acompañará ao alumnado usuario do transporte á porta principal, deixándoo ao cargo da persoa responsable.

Entrarán con preferencia no centro ata a súa aula, coa máscara e mantendo a distancia de seguridade necesaria.

Á saída, o alumnado do transporte esperará na súa aula a que a persoa responsable o vaia recollendo e guiando en ringleira ao autobús correspondente.

Para facer uso do transporte deberán poñer máscara.

Os monitores aseguraranse de que todos os ocupantes leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario ocupe a praza asignada.

35. Asignacións do profesorado encargado de vixilancia.

Haberá un profesor encargado en cada porta de acceso ao Centro.

Cada titor estará na aula esperando ao alumno e vixiando a boa entrada.

Haberá unha persoa no cruce de pasillos.

Incidirase sobre a importancia de non facer grupos, e controlarase a fluidez dos alumnos ata as aulas.

Non se pode deixar a aula soa baixo ningún pretexto.



MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

36. Programa de madrugadores.

Seguirase o protocolo ordinario co engadido da prevención en materia de consumo de alimentos e coas medidas de distanciamento para o xantar.

Os nenos de madrugadores e do servizo de merendas entrarán pola porta principal.

37. Previsións para a realización de actividades extraescolares e posteriores ao servizo de comedor.

As actividades extraescolares posteriores ao servizo de comedor, seguiranse a realizar por grupo de convivencia. Haberá quendas para os recreos e tamén para o uso do local de usos múltiples.

Reduciranse ao mínimo os cambios de aula.

Evitarase compartir material.

O material que sexa utilizado por diferentes cursos terá que ser hixienizado despois do uso para deixalo completamente limpo para o seguintes.

38. Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

Sempre que sexa posible, celebraranse de xeito telemático. Se é imprescindible utilizarase a sala de usos múltiples con medidas de aforo e distanciamento de seguridade ademáis das máscaras.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

Reducirse ao mínimo a entrada dos proxenitores no centro educativo durante o horario lectivo.

Sempre que sexa posible serán de xeito telemático por videoconferencia.

Se é imprescindible, e de forma excepcional, o centro establecerá un día á semana con horarios específicos para a atención das familias. Estes horarios non serán coincidentes cos de entrada e saída, nin cos intercambios de clase ou os recreos, preferentemente ás 18:00 horas e con cita previa.

Para as reunións do inicio do curso, usarase o local de usos múltiples, con un límite dun membro por familia, e farase por quendas segundo o curso, se fose posible. Se non, realizarase a xuntaza por videoconferencia.

40. Normas para a realización de eventos.

Non se realizarán celebracións con grande afluencia de persoas mentres non mellore a situación da pandemia.

No caso de realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.



Estarase ao dictamen das medidas que vaia establecendo a Consellería de Educación e a de Sanidade.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRASPORTADO

41. Establecemento de medidas de entrada e saída do alumnado transportado.

Son as mesmas que no punto 34. A máscara é obrigatoria durante toda a estancia no autobús e os nenos deben hixienizarse as mans ao entrar e ao saír.

MEDIDAS PARA O USO DE COMEDOR

42. Establecemento de quendas para o uso de comedor.

Os alumnos teran que traer un mandilón limpo cada día e un estoxo na súa mochila para o aseo persoal dos dentes .

Para os pequenos, usaremos o grupo de convivencia nas quendas da comida. Infantil, 1º de Primaria, 2º de Primaria e Educación Especial comerán na propia aula, cunha persoa ou dúas por aula, segundo as necesidades do grupo. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa. Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos.

Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

No caso de existir varios pratos secuenciais recomendase o uso de máscara no período entre ambos.

Para os maiores estableceranse dúas quendas no comedor, respectando o distanciamento e a diferenciación do espazo. Cada praza para xantar estará sinalada, separada con mampara e diferenciada do resto.

Unha persoa irá a buscalos á aula e subirán co distanciamento ao comedor, onde estará outra persoa esperando.

O outro grupo ficará na aula á espera da seguinte quenda, preparándose ou relaxándose con lectura ou con tarefas varias.

As quendas serán :

3º e 4º de Primaria	13:15 horas
5º e 6º de Primaria	14:00 horas

En setembro será unha hora máis tarde.

O espazo de xantar será hixienizado antes e despois da comida.

No poderán lavarse os dentes (segundo o protocolo de comedor 16-09-2020).



43. Previsión sobre o persoal colaborador (debe ser o mesmo durante as diferentes quendas).

O noso persoal colaborador é sempre o mesmo.

44. Previsión sobre o persoal de cocina e limpeza da mesma.

O noso persoal de cociña e axuda da cociña é fixo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

45. Previsións de espazos do centro tales como aula de música, informática, usos múltiples, ximnasio,...

O profesorado especialista, como sempre, desprazarase ás aulas.

Reducirase o movemento do alumnado polas diferentes aulas.

Extremarase o protocolo de limpeza, por tratarse de aulas de uso compartido.

É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

Adaptarase a metodoloxía da aula, evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais.

Na aula de informática faranse quendas de ocupación dos dispositivos, reutilizando a biblioteca coas tablets ou ultraportátiles.

46. Determinacións específicas para a materia de educación física.

Á entrada e saída da aula será obrigatoria a hixiene de mans.

Os exercicios serán individuais, minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a limpeza e desinfección despois do seu uso.

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Realizaranse modificacións na programación da materia. Adaptarase a materia de Ed. Física á metodoloxía de aula, evitando facer grupos e minimizando o contacto cos materiais, tentando facer exercicios individuais na medida do posible. En todo caso, evitarase que o alumnado estea encarado e a unha distancia inferior a 1,5 metros.



47. Regulación do proceso de cambio de aula ou visitas a outros espazos de uso educativo.

Na medida do posible, o alumnado non cambiará de clase, agás nos supostos excepcionais.

No cambio das aulas ou movementos ao recreo, manterán o distanciamento social entre eles e levarán a máscara.

Deben permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

No caso de ter que cambiar de aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes, de xeito que poida organizar a saída ordeada e paulatina do alumnado.

Esa saída será ordeada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade necesaria. Agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de 1 e coa distancia de seguridade, evitando aglomeracións.

Se houbera outro grupo dentro, agardarase a que saia antes de entrar, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres, mesas e cadeiras.

Nos espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básicas.

Evitarase a formación de aglomeracións de alumnado e profesorado.

48. Normas de uso da biblioteca.

Usarase ata o 30% do seu aforo.

A persoa responsable establecerá un protocolo de acceso, con horarios mediante petición previa.

O alumnado hixienizará as mans antes e despois da estancia na sala.

Os postos estarán marcados e hixienizaranse despois de cada uso.

Despois do uso dun libro, entregarase ao responsable da biblioteca que o depositará nunha caixa sinalada para pasar a corentena.

Evitarase o uso de xogos de mesa por distintos alumnos, e de usarse deberán ser hixienizados antes e despois.

49. Asignación a grupos de aseo a alumnado.

O alumnado utilizará os aseos da planta correspondente a súa aula.

Os aseos serán hixienizados 3 veces ao día.

Acudirán por grupos de 5 segundo aforo e sempre coa máscara. Un profesor vixiará na entrada e dará paso ao seguinte grupo cando sexa un grupo numeroso.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

50. Determinación sobre o horario do recreo e división do mesmo.



Dentro das medidas posibles a adoptar pola dirección do centro, atendendo a idades e peculiaridades do alumnado incluírse, de ser o caso, a redución da duración dos recreos ou a realización de recreos en aula, aínda que se priorizará a realización no exterior.

O patio dividirase en 3 bloques: fondo, medio e anterior.

Sairán por quendas: a) 6º, 5º e 4º - b) 3º, 2º, 1º Infantil.

Dentro de cada quenda subirá primeiro un grupo que se establecerá no fondo do patio. O seguinte grupo irá para o bloque medio do patio; e por último, o terceiro grupo estará no bloque dianteiro do patio.

Para o regreso á aula, realizarase a saída á inversa: bloque dianteiro, bloque medio e bloque do fondo.

Cada semana poden rotar as quendas de situación no patio.

RECREOS	BLOQUE 1 (PATIO FONDO)	BLOQUE 2 (PATIO MEDIO)	BLOQUE 3 (PATIO ANTERIOR)
10:55	6ºEP	5ºEP	4ºEP
11:20	3ºEP	2ºEP	1ºEP
11:50	6ºEI	5ºEI	4ºEI

51. Cadro de profesorado de vixilancia e dos grupos de convivencia estable.

Non se fai necesario o cadro xa que cada titor vixiará ao seu curso.

No recreo reforzarase a vixilancia para evitar o contacto físico sen máscara, cos mestres especialistas e coas mestras de Educación Especial que estarán con seus alumnos no curso correspondente, xunto co persoal complementario.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.

52. Previsións sobre metodoloxía na aula, uso de baños, e sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo, procurarase traballar de forma individual.

Reducirase o traballo cooperativo e as exposicións de material nas aulas.

Para o xogo en recantos, delimitase e organizase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo coma dos materiais.

Redúcense os xoguetes ou obxectos que non son estritamente necesarios.

Hixinizaranse todos os xoguetes despois do uso por cada neno, e deixaránse os libros en corentena.

Os aseos da zona de Infantil, e os dous primeiros cursos de Primaria serán os da súa planta.

Estableceranse quendas que garantan o lavado de mans ao inicio da xornada, ao fin da mañá, ao inicio e ao remate da tarde.



O uso individual será supervisado por cada titora, así coma a hixiene de mans despois de cada uso.

53. Previsión para os xogos e actividades, así como o tempo de merenda.

Estableceranse medidas axeitadas para que o alumnado poida desenvolver as actividades conxuntas da mellor maneira con establecemento de distancia, de hixiene das mans....

A merenda realizarase de xeito individual nas mesas individuais antes de subir ao patio para evitar posibles contaxios, e coa limpeza e desinfección das mesas.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

54. Previsión uso destes espazos.

Non procede por non ter FP.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55. Medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.

No caso de non poder facer uso da mesma optarase por pantallas ou mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

Organizarase o acompañamento do alumnado nas entradas, saídas, traslado polo centro e no recreo, así como na hixiene de mans, antes de comer ou naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

Asignación dun aseo no que se intensificará a limpeza e a desinfección.

No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

A orientadora do centro forma parte do equipo Covid para a identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

56. Particularización das tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado.

O persoal docente e o coidador debe de extremar a hixiene e a prevención.

Levará posto a máscara e a pantalla.

Terán luvas ao seu dispor se o copnsideran necesario.



PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57. Medidas para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos. Estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.

O equipo docente asinará o compromiso de responsabilidade individual do anexo I e formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19, así como naqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Adoptará aquelas medidas que se establecen a nivel de centro no presente Plan.

As reunións de profesorado realizaránse coa distancia de seguridade na sala de usos múltiples ou noutro espazo amplo con fácil ventilación e hixienizado previamente e despois de cada xuntanza. Cando sexa posible as xuntanzas realizaranse por videoconferencia

Terán unha conducta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección.

Os asistentes levarán máscara e recoméndase a pantalla.

Reducirase ao mínimo o agrupamento no espazo reservado a café: non máis dunha persoa.

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Recoméndase para as reunións de órganos colexiados a vía telemática.

De non poder realizarse desde xeito, utilizarase un espazo que permita garantir as distancias de seguridade e todas as medidas sanitarias de prevención dispostas nos protocolos.



MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

59. Formación en educación en saúde. Previsión de actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte a COVID-19.

O equipo docente asinará o compromiso de responsabilidade individual do anexo I e formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19, así como naqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Adoptará aquelas medidas que se establecen a nivel de centro no presente Plan.

Para as familias:

Charlas informativas ao principio do curso con todas as familias.

Charla cun especialista sanitario.

Aos alumnos, diariamente, inculcaránselles as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben de empregar, as instrucións para o correcto manexo das mesmas: evitar tocar ollos, o nariz e a boca, hixiene de mans ao tusir, distancia física, etc....

Incorporarémolo ao Plan de acción Titorial e tratarémolo de xeito transversal en todas as áreas e niveis a educación para a saúde e as medidas de prevención, así como o reforzo emocional.

60. Difusión das medidas de prevención e protección, difusión das comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e Educación.

Contaremos con persoal sanitario especializado para charlas sobre a prevención.
Información na web do centro: www.colexiosanjorge.com

61. Profesorados coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais, Abalar e coa UAC.

Profesor coordinador TIC: Gloria Posse Costas

En contacto coa responsable CAFI, onde a oferta para o vindeiro ano inclúe accións formativas para o achegamento dos docentes á docencia mixta: ferramentas necesarias para garantir a continuidade da docencia nos centros educativos, ben sexa nun espazo presencial ou virtual, se fose necesario.

62. Previsións derivadas do documento "Instrucións de inicio de curso".

Segundo as instrucións do 30 de xullo de 2020 da Consellería de Educación para o curso 2020-2021, tendo en conta o 2º apartado "Liñas xerais para o curso 2020-2021":



- 1) Programa de acollida para o alumnado:
 - a) Informar sobre as novas normas de organización e funcionamento do centro
 - b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
 - c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital, ter en conta un posible escenario de non presencialidade.
 - d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

- 2) Avaliación Inicial: durante 1ª semana de curso.
 - a) Análisis dos informes individualizados do curso anterior.
 - b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.
 - c) Coñecemento personalizado do alumnado e da situación emocional.

- 3) Programacións didácticas: coa valoración das aprendizaxes non adquiridas realizarase un plan de reforzo contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade presencial, mixta ou virtual.
- 4) Orientacións para a atención á diversidade.
- 5) Orientacións para os servizos de orientación. O departamento de orientación identificará as necesidades educativas ocasionadas pola pandemia, farao en coordinación coas persoas titoras e mais coa xefatura de estudos e o encargado da sección. Estas medidas concretaranse no plan de atención tutorial (PAT), no plan de orientación académica, no plan de atención á diversidade (PXAD) e no plan xeral anual (PXA).
- 6) Ensino non presencial. Elaboración do “Plan de Continxencia”, no que se establecerán as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial.
- 7) No suposto de ensino non presencial, os centros adoptarán as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19.

63. Difusión do Plan .

“Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do Centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.

Difundirase vía correo electrónico, na páxina web do centro, no Claustro de profesores, á ANPA, aos membros do Consello Escolar e á Consellería de Educación a través da Inspección Educativa.



ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19


Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

Verificación: <https://www.xunta.gal/boe>





Compromiso para realización da auto enquisa diaria Covid-19 segundo o requirido no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021

D./Dna....., con DNI
....., na miña condición de persoal do colexio
CPR SAN JORGE como.....,

comprométome á realización da autoenquisa diaria segundo o Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o presente curso, requirido pola Consellería aos centros educativos, asumindo a responsabilidade de modo individual como parte da comunidade educativa do Colexio San Jorge e contribuíndo ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas (Plan de Adaptación do colexio difundido na web de Centro e na documentación facilitada polo equipo directivo), encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada co compromiso persoal segundo o anexo I de autoenquisa) eu,

D./Dna.....n
on acudiré ao centro educativo e chamarei e á persoa de referencia do equipo covid do Centro.

Como criterio xeral, mantereime en illamento preventivo domiciliario, poñéndome en contacto co meu centro de saúde. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.

En Santiago de Compostela, a de de 2020

D.Dona.....



DECLARACIÓN RESPONSABLE COVID-19

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 2020

D/D.ª _____

con D.N.I. _____ pai/nai/titor/titora legal do

alumno/a _____

matriculado no curso _____ no Colexio San Jorge, Cpr San Jorge.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que o meu fillo/a non asistirá ao centro educativo en caso de presentar febre ou síntomas de sospeita de COVID-19. Tamén comprométome a que non asistirá, en caso de ser diagnosticado da enfermidade, sen finalizar o período de illamento requerido polas autoridades sanitarias ou atoparse en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas, caso sospeitoso ou diagnosticada de COVID-19.
- Que realizarei a comprobación diaria do estado de saúde do meu fillo/a, a través da enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19 e tomareille a temperatura para comprobar que non teña febre.
- Que notificarei as causas da ausencia ao centro e ao titor/a do alumno. En caso de estar relacionadas coa sintomatoloxía COVID-19, o titor comunicarallo á persoa do Equipo COVID do Centro para rexistralo no ficheiro de seguimento de casos de sintomatoloxía compatible.
- Aceptar o conxunto de medidas establecidas no protocolo COVID do Colexio e as hixiénico-sanitarias e de prevención que poidan establecerse e/ou modificarse en todo momento polas autoridades sanitarias ou a Dirección do Centro.

E para que conste, asino no lugar e data arriba indicados.

Asdo.: D/D.ª _____

(Para imprimir e entregar asinado ao titor do alumno/a o primeiro día de clase)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO II: PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIO-SANITARIOS

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidade \geq 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Imunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cancero en tratamento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Maiores de 60 anos	Sen patoloxía				Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Obesidade mórbida (IMC>40)	Sen patoloxía engadida				Sen patoloxía engadida controlada				Patoloxía engadida descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades				Con complicacións o comorbilidades							
		3	3	3	1	4	4	4				

NR1 (Nivel de risco 1): Semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas.

NR2 (Nivel de risco 2): Traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas.


NR3 (Nivel de risco 3): Asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade.

NR4 (Nivel de risco 4): Profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosóis, como por exemplo RCP.

1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, incíriase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactancia (PREL)
4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, incíriase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)



Xacobeo 2021





ANEXO VI: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO"

O Plan de Continxencia do centro educativo CPR SAN JORGE ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara quirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa que o acompañe deberá levar todo o material de protección adecuado. Se o alumno ten unha excepción para a máscara, a persoa usará unha FFP2, pantalla e bata ou máscara cirúrxica coa pantalla.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará



ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a) Ensino virtual a través da aula Classroom (videoconferencia)
 - b) Tareas pola plataforma.
 - c) Manter o contacto co alumno e coa familia vía telefónica e email.



MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos). Duración: 1 semana (se o aproban as autoridades sanitarias e educativas).

Obxectivos:

- 1) Desinfección total da aula
- 2) Redución ao máximo do material da aula, eliminando material e mobiliario non necesario.
- 3) Reactivar o protocolo co alumnado.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos). Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30 %.

Obxectivos:

- 1) Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- 2) Traballo individualizado.
- 3) Reforzo emocional como grupo.
- 4) Manter contacto co alumnado da casa vía virtual.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos). Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.

Obxectivos:

- 1) Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- 2) Traballo individualizado.
- 3) Reforzo emocional como grupo.
- 4) Manter contacto co alumnado da casa vía virtual.

Fase 4 (Fase de reactivación). Duración: 1 semana

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Extremaranse as medidas con este grupo.

Obxectivos:

- 1) Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- 2) Traballo individualizado.
- 3) Reforzo emocional como grupo.